
1.- ANTECEDENTES

1. Con data 9 de maio de 1997 tivo entrada no Consello Económico e Social de Galicia un escrito da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes de data 2 de maio de 1997 sometendo á consideración deste organismo o anteproxecto da “Lei reguladora das Organizacións Interprofesionais Agroalimentarias galegas”, para que polo Consello se emitira o preceptivo dictame.

2. O texto do Anteproxecto de Lei foi remitido polo presidente do Consello con data 12 de maio ó presidente o ós membros da Comisión Sectorial 1, *Economía, Emprego e Desenvolvemento Territorial*, competente por razón de materia. Á vez, tal e como establece o Regulamento do CES, deuse conta á Comisión Permanente da mentada entrada e remisión do texto do Anteproxecto de Lei.

3.- Na mesma data, o presidente do CES comunica ó conselleiro que o procedemento para a emisión de dictame preceptivo do Consello sobre o asunto reclamado xa foi posto en marcha e establécese o prazo para o remate dos traballos.

4.- O 15 de maio, o seu presidente convoca á Comisión Sectorial 1 para o xoves, 22 de maio, co fin de inicia-lo traballo de reflexión sobre a proposta de dictame.

5.- Tra-lo estudio e discusión a fondo do tema, a Comisión rematou o seu traballo de análise do texto e decidiu remiti-lo borrador do dictame ó presidente do Consello para a súa tramitación.

6.- A Comisión Permanente do Consello, na súa reunión do 4 de xuño, á vista do texto elaborado pola Comisión Sectorial 1, acordou convoca-lo Pleno do CES para

o día 9 de xuño.

7.- O Pleno do Consello Económico e Social de Galicia, reunido na súa sesión 5/97 o luns, 9 de xuño, acordou emiti-lo seguinte

DICTAME

Sobre o Anteproxecto de Lei reguladora das Organizacións Interprofesionais Agroalimentarias galegas

2.- ESTRUCTURA E CONTIDO

As reformas da política agraria común (PAC) da Unión Europea e os novos modos de regula-los mercados puxeron de manifesto a necesidade de orienta-la produción agrícola ó mercado, reforma que ten que ir acompañada dunha modificación do comportamento dos distintos axentes económicos implicados. Esta é a xustificación desta proposta normativa.

A nova Lei, segundo o anteproxecto presentado, regula o concepto das organizacións interprofesionais; a súa constitución e extinción; o rexistro administrativo no cal se inscribirán cantas circunstancias redeen a súa existencia; o procedemento de extensión de normas e de aportación económica, no seu caso; o recoñecemento das organizacións interprofesionais como entidades colaboradoras; as infraccións e as sancións e, por último, o Consello Galego de Organizacións Interprofesionais Agroalimentarias, como órgano colexiado.

Os primeiros artigos adícanse a definición do concepto de organización interprofesional agroalimentaria e as súas finalidades. Establécese ademais a posibilidade da súa inscrición nun rexistro administrativo sempre que cumplan uns requisitos determinados.

Máis adiante se establece a extensión das normas ou acordos acadados nas organizacións ó conxunto dos produtores ou operadores do sector ou produto e as aportacións económicas en caso desa extensión de normas.

O texto normativo fai tamén referencia á consideración destas organizacións como entidades colaboradoras para á entrega e distribución de fondos públicos ós beneficiarios e ás relacións con outras organizacións interprofesionais agroalimentarias. Senllos artigos adícanse ás infraccións administrativas nas que poden incurrir as organizacións e as sancións previstas.

Por último, establécese a creación do Consello Galego de Organizacións Interprofesionais Agroalimentarias como órgano consultivo colexiado, determínanse as súas funcións. O texto remite ó correspondente desenrolo regulamentario para determina-la súa composición.

3.- OBSERVACIÓNS XERAIS

Unha das primeiras medidas de orde xeral adoptadas polo Consello Económico e Social de Galicia trala súa creación foi que tódolos traballos, escritos, estudos, informes e dictames do CES serían elaborados en lingua galega.

Neste senso, o Consello quere chama-la atención sobre o feito de que o texto do anteproxecto remitido pola Consellería foi recibido en castelán. O CES quere poñer de manifesto diante dos distintos departamentos da Xunta que, para o máis doado desenvolvemento das tarefas deste Consello, ten singular importancia que os textos normativos ou calquera outra información que se requira teña entrada en galego, máis aínda cando tanto o Consello da Xunta como o Parlamento deben tramitalos nesta lingua.

Por outra banda, dados os habituais prazos de tramitación das normas no Parlamento galego e maila anunciada convocatoria de eleccións para outubro, semella que non será posible a promulgación dunha Lei reguladora das Organizacións Interprofesionais Agroalimentarias galegas nesta lexislatura. O CES manifesta as súas dúbidas sobre a oportunidade de dictaminar sobre un Anteproxecto de Lei que non teñen posibilidades técnicas de ser tramitados nesta lexislatura.

Unha terceira consideración xeral fai referencia ós contidos da exposición de motivos da norma. No seu primeiro parágrafo, tomado dunha maneira case que literal da normativa do País Vasco, faise referencia ás “produccións agrarias”. Sen embargo, no caso de Galicia ten unha importancia fundamental o sector pesqueiro, que tamén estaría dentro do ámbito da lei de referencia. Do mesmo xeito, no segundo parágrafo fálase de “productos agrarios”. Para adecua-la redacción á realidade galega e ó que di a propia lei máis adiante, no seu contido, parece máis axeitado falar sempre de producións e productos “agroalimentarios”, un termo que engloba máis contido.

4.- OBSERVACIÓNS PARTICULARES

En relación co Anteproxecto de Lei reguladora das Organizacións Interprofesionais Agroalimentarias galegas, remitido ó CES pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, o Consello Económico e Social de Galicia entende que deberían contemplarse as seguintes modificacións no texto presentado:

Artigo 2: Proponse a supresión da palabra “exclusivamente”, respetando o resto da redacción. “*As organizacións interprofesionais agroalimentarias constituiranse con todas ou algunhas das seguintes finalidades: (...)*”

Con esta modificación preténdese permitir un maior campo de actuación, non ser tan restrictivo na redacción.

Artigo 3, apartado b): A proposta é suprimi-la adxectivo “significativo” e unir os dous primeiros parágrafos nun só. Trátase dunha mellora técnica, clarificadora do senso e do contido deste apartado. A redacción deste art. 3.b) sería a seguinte:

“b) Dispoñer e acreditar na forma que se determine regulamentariamente, para un ou varios sectores ou produtos, un nivel de implantación na produción e, no seu caso, na transformación e comercialización que represente na Comunidade Autónoma Galega, en todas e cada unha das ramas profesionais, alomenos o 35% das producións afectadas. (...)”

Artigo 3, apartado d) punto 1.: Por coherencia co exposto para a artigo 2, proponse suprimi-lo termo “exclusivas” deste punto. Abondaría con dicir:

“1.- Establecer como finalidades algunha ou algunhas das determinadas no artigo 2.”

Artigo 3, apartado d) punto 2.: No segundo parágrafo deste artigo, cando se fai referencia ó ámbito territorial das organizacións, propónse substituí-lo expresión “inferior á Comunidade Autónoma” polo termo “provincial”.

“Asimesmo deberá garantirse a presenza, no seu caso, das organizacións de ámbito territorial provincial cando acrediten representar alomenos ó 60% da rama profesional correspondente (...)”.

O CES entende que debe cubrirse a lagoa existente sobre a determinación do ámbito destas organizacións, debe explicitarse, e considérase conveniente a referencia á provincia. Esta nova redacción é coherente co que establece neste terreo a Lei estatal.

Artigo 4, apartado 2.: Propónse unha nova redacción da parte final do apartado para clarexa-lo seu contido.

“2.- As organizacións (...) deberán remitir (...) a memoria anual de actividades, as contas anuais debidamente auditadas e o presuposto anual de ingresos e gastos, así como o estado de representatividade ó peche do exercicio.”

Artigo 6: Propónse unha modificación técnica para incluír unha referencia expresa a esta Lei. A parte final do artigo debería dicir:

“(...) como consecuencia de resolucións sancionadoras firmes reguladas no artigo 15 da presente Lei.”

Artigo 9, punto 1.: Na parte final do enunciado deste apartado, propónse unha ampliación para non limita-los supostos ós que se recollen a continuación e facer unha referencia expresa ó establecido no artigo 2. A redacción sería a seguinte:

“(...) As propostas de extensión de normas deberán referirse ás finalidades establecidas no artigo 2 da presente Lei relacionadas con: (...)”

Disposición transitoria única: Proponse duplica-lo período de pertenza en condicións especiais, desde un ano ata dous.

“(...) poderán pertencer ás mesmas durante un período de dous anos a partir da entrada en vigor desta Lei (...)”.

Considérase que esta nova redacción permite unha mellor regularización destas situacións transitorias.

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 1997

5.- VOTOS PARTICULARES

VOTO PARTICULAR QUE FORMULAN A CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA E MAIS O SINDICATO LABREGO GALEGO SOBRE O ANTEPROXECTO DE LEI REGULADORA DAS ORGANIZACIÓNS INTERPROFESIONAIS AGROALIMENTARIAS GALEGAS.

Os conselleiros abaixo asinantes en representación da C.I.G. e do S.L.G.-CC.LL. non aprobamos o Dictame do C.E.S. de Galiza sobre o Anteproxecto de Lei que regula as Organizacións Interprofesionais Agroalimentarias Galegas e decidimos presentar o seguinte **VOTO PARTICULAR** porque este non recolle as seguintes consideracións:

Na EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Parágrafo Terceiro: Ao final, onde di “as súas actuacións centraranse en”,

Engadir: “*establecer a contratación homologada, a negociación entre as partes dos prezos a percibir polos produtores*” e continuar tal como está.

Parágrafo Cuarto: **Suprimir** a frase que comenza: “*Asimesmo, parece adecuado(...)*” ate “*(...) derivados de aquelas actividades.*”

Artigo1. Punto 1.- Engadir ao final do mesmo: “*A Consellería de Agricultura formará parte das mesas en calidade de árbitro, en todo o referente ao sector agrario, cando non haxa acordo entre as partes.*”

No Artigo 2.- Engadir:

“*a) Regular a compra-veda dos produtos do sector agrario mediante o establecemento de contratos homologados.*

b) Establecer a negociación, entre as partes, para a fixación dos prezos no sector agrario en cada campaña.

- c) *Determinar as calidades mínimas esixíbeis para a produción, transformación e comercialización, tomando como criterio fundamental a saúde da poboación.*
- d) *Establecer garantías de pago, cobro e recollida dos produtos.”*

O resto quedaría igual que está.

Artigo 3. Apartado d) Punto 2:

Suprimir desde: “(...) sempre que acredite (...)” ate o final e **sustituir** por: “*No caso das organizacións agrarias, estarán presentes aquelas que adquiran a condición de representatividade no proceso electoral de Cámaras Agrarias Provinciais*”.

Suprimir asimismo o segundo parágrafo deste punto.

Artigo 9. Punto 2:

Onde o artigo di “(...) co respaldo do 60% (...)”, **sustituir** por “(...) *co respaldo do 90% (...)*”.

Artigo 10:

Suprimir na súa totalidade.

Artigo 12:

Suprimir totalmente e sustituir por:

“As organizacións interprofesionais agroalimentarias galegas recoñecidas conforme ao establecido na presente Lei serán consideradas entidades colaboradoras e como tal serán beneficiarias de axudas e subvencións públicas para a consecución das finalidades recollidas no artigo 2.”

Artigo 16. Punto 3. Apartado c)

Suprimir desde: “(...) e de aportacións económicas” ate o final.

Disposición transitoria única.

Suprimir desde “...poderán pertencer ás mesmas durante un período dun ano a partir da entrada en vigor desta Lei” ate o final.

Sustituir por: “(...) *pertencerán ás mesmas as organizacións representativas dos sectores productivos que formen parte do Consello Galego de Organizacións Interprofesionais Agroalimentarias. No caso das organizacións profesionais agrarias estarán presentes, as recoñecidas na actualidade en tanto non se celebren as eleccións a Cámaras Agrarias.*”

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 1997

(Seguen as firmas dos membros do Pleno do Consello sres.:

Luís Burgos Díaz (CIG)
Ramiro Oubiña Parracho (CIG)
Alfonso Tellado Sande (CIG)
M^a Lidia Senra Rodríguez (SLG)

En Santiago de Compostela, a 11 de xuño de 1997

**Vº e P.
O PRESIDENTE**

O SECRETARIO XERAL

Asdo.: Luis Suárez-Llanos Gómez

Asdo.: Carlos Monclús Díez de Ulzurrun